

A visión psicodélica dos equipamentos para a educación ambiental

Clotilde Escudero Bocos

Área de Información do Centro Nacional de Educación Ambiental-CENEAM (España)

Resumo

O artigo presenta unha caracterización dos equipamentos para a educación ambiental no Estado español, a partir dos datos do rexistro voluntario que dende o ano 1994 está a elaborar o Centro Nacional de Educación Ambiental CENEAM e que se divulga a través da Guía de Recursos. Os datos mostran que existen motivos para ser optimistas (numero de equipamentos, abano de destinatarios, recursos e procesos para definir a calidade), para o desconcerto (debate sobre tipoloxías e a carencia de regulamento) e tamén para o desánimo (ratio educadores/persoas usuarias, actualización das temáticas ou situación laboral)

Abstract

This essay describes the facilities available for environmental education in the Spanish state, according to the data provided by the voluntary register kept since 1994 by the National Centre for Environmental Education (Centro Nacional de Educación Ambiental, CENEAM), made public through its Resource Guide (Guía de Recursos). The data shows that there are reasons to be optimistic (the number of facilities, the range of target audiences, the resources and processes available to define quality); reasons to be confused (the debate over typologies and the lack of regulations), and also reasons to be discouraged (the educator/user ratio, the updating of subject areas, or the working conditions).

Palavras chave

equipamentos para a educación ambiental, calidade, tipoloxías, equipo humano

Key-words

environmental education facilities, quality, typologies, human team

No ano 1994 o CENEAM inicia a compilación de información sobre equipamentos de educación ambiental, o número de referencias localizadas sufriu pequenas oscilacións desde aquel ano, mais si que se observaron mudanzas na denominación de tipoloxías, modelos de xestión, titulacións académicas dos equipos educativos etc.

Desde aquela primeira compilación, temos na actualidade unha visión máis complexa de diferentes aspectos como a xestión, os recursos humanos ou as temáticas incorporadas nos proxectos. A participación en diferentes foros, cuxo obxectivo é definir e establecer criterios de calidade nos equipamentos de educación ambiental do Estado, sitúanos nun momento onde podemos chegar a ter unha visión un tanto psicodélica das circunstancias que rodean este sector. Eu, polo menos, adoito ter momentos de euforia, onde as grandes posibilidades deste recurso me levan a un estado de ánimo optimista. Doadamente a estes estados de euforia séguenlle momentos de alucinación, chegando a estar irresistiblemente cativada por un recurso como son os equipamentos, cheo de posibilidades, mais moitas veces a euforia adoita desencadear en momentos depresivos ante a serie de dificultades que achamos á hora establecer uns criterios de calidade nos equipamentos. Non creo que a miña percepción sexa única, creo que é unha visión compartida con outras persoas que traballaron en procesos de calidade nas diferentes comunidades autónomas.

Este debate, aberto desde hai tempo, sobre os criterios de calidade que debe reunir tanto un equipamento de educación ambiental, como calquera instalación de uso público onde se pretenda levar a cabo un programa de educación ambiental ou de interpretación do patrimonio, formula a necesidade de aceptar unha definición compartida do que é un equipamento de educación ambiental, apropiándonos da que nos proporcionaba Óscar CID a finais dos noventa:

“Un equipamento é unha instalación permanente que ten como obxectivo prioritario o desenvolvemento de programas educativos cuxos fins e obxectivos son os propios da Educación Ambiental, e para o cal dispónn dun equipo educativo estable e profesionalizado que conta cos recursos materiais necesarios para a execución e avaliación das súas actividades”

Na actualidade, e segundo base de datos do CENEAM, existen 701 “presuntos” equipamentos para a educación ambiental no Estado español, presuntos porque a información de que dispoñemos proporcionóuse nos a través dun pequeno formulario enviado por correo postal ou electrónico. Non foi posible levar a cabo un traballo de campo, nin a realización de enquisas personalizadas aos xestores e aos promotores destes. Os datos que compilamos proporcionáanos unha visión, talvez non moi exhaustiva, mais que si consideramos moi próxima á realidade da situación dos

centros de educación ambiental no Estado. Nunha primeira revisión, descubrimos que a metade dos equipamentos están situados na área de influencia dalgún espazo natural protexido, xeralmente próximos a algunha poboación rural que adoita ser o ámbito preferido para a instalación de infraestruturas destinadas á realización de proxectos de educación ambiental. Existe un dato que sempre causa sorpresa, segundo a enquisa que efectuamos, máis de cen equipamentos están situados nas proximidades do medio urbano, mais só dezasete se definen como aulas urbanas nas opcións que proporcionamos no apartado de tipoloxías da Guía de Recursos, unha situación que nos suxire a primeira reflexión sobre a necesidade de formular a apertura de centros de educación ambiental que atendan e que se dirixan a unha poboación eminentemente urbana, para evitar longos desprazamentos, o forte impacto que ás veces producen as actividades no medio natural e para tratar directamente temas relacionados coa problemática ambiental urbana.

Os momentos de euforia

Moitos equipamentos e con ampla distribución territorial

Atraveso momentos de euforia cando dispoño de datos que confirman a proliferación de equipamentos que, supostamente,

se dedican a realizar programas de educación ambiental, tamén cando descubro que en practicamente todas as comunidades autónomas e en diferentes foros se formulou a definición dos criterios e dos indicadores de calidade para os elementos claves dun equipamento: a infraestrutura, o equipo humano e o proxecto educativo, uns criterios que debe reunir unha instalación para poder denominarse equipamento de educación ambiental. O inicio de case todos estes procesos de regulación levounos a un ben intencionado estado de euforia xa que, polo menos, representan a superación dunha etapa de encontro, discusión e consenso na definición do que se entende por equipamento de educación ambiental

Sen dúbida, outros dos momentos de euforia que vivimos foron a promoción ou a creación de equipamentos por parte das administracións e da iniciativa privada. Se ben nun principio foron pequenos grupos de entusiastas de carácter privado os que promoveron as primeiras iniciativas, ao iniciaren os primeiros proxectos de granxa escola, hoxe sen dúbida é a Administración a que tomou o relevo ao promover máis da metade dos equipamentos que temos localizados. Dentro da Administración, destacan os proxectos promovidos pola iniciativa da Administración autonómica, que supera con bastante diferenza aos promovidos desde a Administración local ou provincial. Até o momento, a Administración central, a través do organismo autónomo Parques

Nacionais promovera as infraestruturas de uso público da Rede de Parques Nacionais, a partir da publicación da sentenza do Tribunal Constitucional 194/2004, que recoñecía a competencia das comunidades autónomas para a xestión dos parques nacionais, estas asumirán a xestión das infraestruturas de uso público.

O amplo abano de destinatarios

Desde os comezos da aparición dos equipamentos de educación ambiental, sen dúbida, o sistema educativo foi elixido maioritariamente como o destinatario dos proxectos do centro, dispoñemos de cifras que confirman que máis do 77% dos equipamentos sobre os que realizamos a enquisa teñen deseñados programas dirixidos á poboación escolar. Esta cifra só é superada, e por unha pequena marxe, polas actividades dirixidas á poboación en xeral. Ultimamente, e seguramente debido a que moitos equipamentos están situados na área de influencia dos espazos naturais protexidos, estanse a realizar importantes esforzos para o deseño de programas dirixidos á poboación local.

Os recursos materiais

Sen termos en conta os recursos humanos, que merecen un espazo á parte dentro desta pequena reflexión, estas infraestruturas ofrecen unha ampla oferta

de recursos que fan posible o desenvolvemento dos seus programas. Sen dúbida, e á cabeza, destacan os itinerarios interpretativos. Un 75% dos equipamentos confirman a existencia dalgunha senda de carácter didáctico como actividade para o coñecemento do ámbito.

Algúns recursos que incorporan novas tecnoloxías como os audiovisuais e as exposicións permanentes, reflíctense nun 60 e nun 42% dos equipamentos enquisados, estes recursos evidentemente vense incrementados polo elevado número de centros de información e de interpretación repartidos por toda a xeografía española.

Case un 20% dos equipamentos enquisados dispoñen de centro de documentación ou de biblioteca con servizo de atención aos usuarios, nestes centros adóitase compilar unha ampla información sobre o ámbito próximo e información ambiental de interese xeral.

Nos últimos anos, a introdución de novas metodoloxías, incorporou o emprego das actividades teatrais nalgún dos proxectos de centro, aínda que de xeito anecdótico, só un 3,3% dos equipamentos empregan este recurso e ábreanse grandes posibilidades para a interpretación.

Un recurso, que normalmente vai asociado aos edificios de nova construción e que dificilmente pode empregarse na maioría das infraestruturas se non se re-

aliza un grande esforzo económico, é a construción bioclimática. Estes edificios, deseñados para reducir consumos, estanse a empregar como recursos propios á hora de elaborar programas que tratan temáticas relacionadas co cambio climático, coas enerxías renovables ou cos hábitos de consumo sustentables.

Os procesos de definición de calidade nos equipamentos de educación ambiental

Practicamente todas as comunidades autónomas iniciaron de xeito máis ou menos ambicioso a definición dos criterios de calidade para os equipamentos de educación ambiental, en moitos casos a iniciativa partiu da administración e noutros moitos casos dos propios xestores de equipamentos, que ven con demasiada frecuencia como moitas infraestruturas, cuxo obxectivo non é precisamente a educación ambiental, se acollen baixo o que poderíamos chamar “amplo paraugas” da denominación equipamento ou centro de educación ambiental. Estes procesos e os colectivos que, en moitos casos, de xeito reivindicativo os iniciaron, están a reclamar un maior recoñecemento e apoio para aqueles equipamentos de educación ambiental, que realmente cumpren, polo menos, cuns criterios mínimos de calidade. Mais non debemos esquecer que, como tantas veces oímos a Araceli SERANTES da Universidade da Coruña, son procesos,

que levan tempo, apoios institucionais, seguimento e, por suposto, revisións no tempo, se pretendemos que sexan efectivos e que marquen a diferenza entre o que son e o que non son equipamentos de educación ambiental. Consecuentemente, o establecemento de redes, permitirá o esclarecemento do dilema formulado, fortalecendo e lexitimando o sector.

Algunhas dúbidas permanentes

- É factible a curto prazo alcanzar a coherencia ambiental dos equipamentos en todos os ámbitos?
- Existen mecanismos para prever as baixas esaxeradas nas adxudicacións para a xestión de equipamentos ou para o desenvolvemento de programas, campañas etc.?
- É necesario xerar programas de formación para os educadores e para o persoal de apoio dos equipamentos e das empresas de educación ambiental? (educar na oficina, na cociña, no patio ou xardín, na limpeza...)
- Rendibilizamos a longa experiencia dos equipos que desenvolven o seu traballo en equipamentos?
- Estamos abertos a diversificar as liñas de traballo?

Os momentos de alucinación

Este bloque está dedicado a algúns aspectos desta análise que chegaron a cativarme. Practicamente en todas as comunidades autónomas deste Estado existe, polo menos, unha referencia de equipamentos de educación ambiental, só na Cidade Autónoma de Melilla descoñeciamos a existencia de centros de educación ambiental neste momento, hoxe sabemos que axiña contará cun centro de educación ambiental agrícola e gandeiro. Esta proliferación de infraestruturas que se iniciou timidamente nos anos 70, chegou ao seu máximo apoxeo nos 90. Na década actual existen datos que evidencian a estabilización do número de novas iniciativas. As comunidades autónomas onde, segundo a información dispoñible, maior foi a proliferación de equipamentos son Cataluña e Andalucía, mais habería que analizar máis pausadamente os motivos desta proliferación, que sen dúbida non responden ao mesmo contexto. Si poderíamos destacar, en certa medida, a relación que existe entre o incremento de equipamentos nalgúns territorios, onde a declaración de espazos naturais protexidos foi maior.

... E semente o debate das tipoloxías

Para a guía de recursos para a educación ambiental elaborada polo CENEAM estableceu-se un clasificación moi simple de tipoloxías.

- Aula de natureza
- Aula urbana
- Centro de interpretación
- Centro de información
- Centro de educación ambiental
- Granxa escola
- e outros

En cada comunidade autónoma traballouse sobre a definición das tipoloxías, normalmente adaptadas á propia realidade territorial. Hoxe este debate forma parte duns dos obxectivos chave do Seminario de Calidade nos Equipamentos de Educación Ambiental promovido polo CENEAM. A utilización dunha linguaxe común neste tema permitirá, seguramente, dar un gran paso no avance dos procesos de calidade nas diferentes comunidades autónomas.

Se nos centramos na compilación do GENEAM, detéctase que nos últimos dez anos houbo un incremento de equipamentos que seleccionan a opción “Centro de educación ambiental” como a tipoloxía con que se identifican, se ben isto responde a que en moitos ámbitos actualmente se acepta o emprego da denominación centro de educación ambiental fronte á de equipamento de educación ambiental. Como resposta á dificultade de establecer tipoloxías achamos que cada vez é maior o número de equipamentos que seleccionan a opción outros, un caixón de xastre que evidencia a falta de identificación coa tipoloxías establecidas. Contrariamente, sufriron unha regresión as granxas esco-

la e as aulas de natureza, e obsérvase un modesto incremento das aulas urbanas.

Ao definir os obxectivos dos programas de cada centro, o obxectivo que predomina sobre o resto é, sen dúbida, o de sensibilizar ambientalmente fronte aos valores destacados do espazo natural e, como non, o tema principal sobre o que se desenvolven os programas de actividades é o patrimonio natural.

Dentro da oferta de actividades un bo número de equipamentos ofrecen, ademais dos programas educativos, unha proposta de lecer activo en que destacan actividades de camiñada e cicloturismo e, a marcada distancia, o piragüismo e a equitación.

Regulación, normalización. Quen asume este reto?

Xa mencionamos que existen moitos procesos de regularización ou de normalización abertos nas diferentes comunidades autónomas, uns procesos en que o papel da Administración é indiscutible, se queremos que sexan efectivos. Nunca deben formularse esforzos individuais ou contrapostos que impidan alcanzar os obxectivos marcados polos procesos de regularización ou de calidade, os bos resultados, que claramente achegarán beneficios aos promotores, aos xestores e aos usuarios.

Algunhas dúbidas permanentes

- Sentímonos capaces de deseñar novos programas dirixidos a diferentes destinatarios? Estratexias para dinamizar a poboación local, sectores produtivos principais, amas de casa, terceira idade e discapacitados.
- Turismo e educación, mundos compatibles? Integrar as estadías e as actividades de turismo rural en estratexias educativas.
- Bolseiros, voluntarios e estudantes en prácticas, intentamos definir os ámbitos de actuación de cada un?
- É viable a consolidación dun “equipo” humano que garanta un número de persoas suficiente para asumir ratios aceptables, boas condicións laborais, formación e capacitación para se enfrontar cos diferentes grupos de destinatarios?
- Existen e queremos liñas de subvencións?

Momentos de pesivos

Cando nos enfrontamos coa realidade do día a día, os momentos de euforia conducen doadamente a momentos de pesimismo sobre certos aspectos.

Que pasa coas ratios?

O número de respostas que obtivemos a esta cuestión non foi elevado, mais si esclarecedor, aínda que a normativa sobre

equipamentos e os documentos debati- dos e consensuados sobre calidade nos equipamentos de educación ambiental recomentan ratios máximas duns quince participantes por educador/a, dependen- do sempre do tipo de actividade. Só de- zaoito equipamentos afirman que traballan con cifras de dez participantes por edu- cador/a. Os resultados obtidos non nos permiten ser moi optimistas, boa parte dos equipamentos están a desenvolver as actividades con máis de 20 participantes por educador/a e, en moitos casos, intúe- se que estas cifras son superadas cando se traballa con grupos moi numerosos.

Novas temáticas analizadas timidamente

Se o obxectivo principal de boa parte dos equipamentos está vinculado coa sensibi- lización sobre o espazo natural próximo, isto non adoita representar un obstácu- lo para que un bo número dos proxectos de centro que se elaboran na actualidade lancen programacións relacionadas con novas temáticas. Unhas temáticas relacio- nadas cos nosos desafortunados hábitos de consumo e que, nun breve espazo de tempo, están sendo tratadas polo inci- piente número de equipamentos que se vinculan ao medio urbano.

Fronte aos case cincocentos equipamen- tos que inclúen actividades relacionadas coa fauna e coa flora do ámbito próximo,

atopámonos con cifras pouco significati- vas de equipamentos que analizan outros temas. Poucos centros integran aínda na súa programación temáticas como a ecoauditoría. A información de que dis- poñemos fai referencia soamente a once equipamentos que están inmersos en procesos de ecoauditoría. Segundo a in- formación que compilamos unicamente quince equipamentos incluían as enerxías renovables nos temas do seu programa e trece iniciaran o proceso da Axenda 21, para abriren múltiples posibilidades para integrar o equipamento en procesos de di- namización da poboación local.

O equipo humano

Sen dúbida, é un dos máis fortes piares sobre os que se asenta a calidade dos equipamentos de educación ambiental. Un equipo de traballo, con formación aca- démica, con aptitudes para a comunica- ción, con capacidade para se adaptar a novas metodoloxías, con disposición para se reciclar continuamente e onde os seus membros en moitos ámbitos e foros mere- ceron a denominación de “supermonitor”, que podería definirse como a persoa que exerce as máis variadas funcións. Sor- prende que, fronte a este perfil que se lle esixe ao persoal de equipamentos, aínda achemos unha disociación entre os méri- tos que se requiren para formar parte do equipo educativo dun equipamento e a categoría profesional que lles adoita ser

asignada, evidenciando unha falta de conciliación.

Outro dos aspectos que se revelan nesta compilación é que, na maioría dos casos, non se mencionan os labores administrativos e de xestión do centro de xeito diferenciado, son escasos os equipamentos que informan sobre a existencia dalgún membro do equipo que se dedique en exclusiva a estes labores, uns labores para os que, por outro lado, non adoita existir formación académica dentro do equipo. Non se constatou, mais posiblemente si que exista unha certa vinculación entre a falta de coñecementos de xestión financeira coa desaparición de interesantes iniciativas de carácter privado en equipamentos. En diferentes foros deixáronse oír voces, que reclaman a necesidade de formación de apoio que capacite o persoal para unha eficiente xestión financeira.

Mención á parte merecen todas aquelas persoas que, de xeito menos visible, contribúen ao bo funcionamento destas infraestruturas educativas, o persoal encargado da cociña, a limpeza e o mantemento que, normalmente desde un segundo plano, están a contribuir a que a nosa estadía sexa moito máis satisfactoria e enriquecedora, proporcionándonos unha boa alimentación, unha recollida selectiva de residuos, espazos máis acolledores etc.

Algúns cabos soltos

As reunións preparatorias recoñécense como unha das pezas chave para un resultado proveitoso do programa que ofertan os centros de educación ambiental. Comprobamos que estas reunións non se realizan habitualmente e só cento cinco equipamentos dos que enquisamos din levar a cabo estas reunións previas á visita que, evidentemente, facilitarían a integración da estadía nun equipamento dentro da programación na aula.

Case de forma anecdótica compilamos información da situación laboral dos traballadores de equipamentos. Só dispoñemos de información relativa a cento deza-sete centros e, destes centros, cincuenta e cinco contan con persoal eventual nas súas instalacións. Para a xestión dos equipamentos privados, unha das fórmulas máis empregadas é a constitución de pequenas cooperativas formadas por socios que asumen a maior parte dos traballos desenvolvidos no centro. Así o manifestaron en vinte e sete dos rexistros. Un dos datos esperanzadores é que un total de oitenta equipamentos, daqueles que deron resposta a este apartado, contan con persoal fixo.

A falta de tempo, debida aos amplos horarios e á afluencia masiva de grupos, destacan como as causas que motivan a falta de establecemento de estratexias avaliativas. Múltiples veces escoitamos esta fra-

se “Non reflexionamos, non escribimos”, unha frase que confirma o escaso número de equipamentos, só un 33%, que elaboran material didáctico para o desenvolvemento dos seus programas.

Algunhas dúbidas permanentes

- Existe competencia desleal entre os equipamentos públicos e os privados?
- O “desencanto” dos membros do equipo de traballo, está producido por factores como o emprego precario, a monotónia nas liñas de traballo etc.?
- A formación é suficiente para facer promoción do educador ambiental?
- Debemos conformarnos coa satisfacción persoal do traballo ben feito?
- É posible asumir o reto de negociar un convenio marco para os traballadores dos equipamentos?
- Existe certo matiz de “exclusión” nalgunhas das iniciativas de normalización ou rexistro?
- Temos facilidade para o encontro de traballadores de empresas e equipamentos de educación ambiental?

Para concluír, cómpre insistir que esta pequena reflexión baseada na compilación de información efectuada na Guía de Recursos do CENEAM, non é unha análise exhaustiva. A falta de información proporcionada por algúns equipamentos e o amplo espazo xeográfico e administra-

tivo que abarca non permite que o sexa, mais si que pretende ser un convite para continuar coas experiencias autonómicas, onde a facilidade para realizar o traballo de campo na cumprimentación das enquisas e a posibilidade, ademais, de establecer contactos persoais cos equipos de xestión-educación aproxímanos ao coñecemento da realidade territorial dos equipamentos, permitíranos a definición e o establecemento de criterios de calidade nestas instalacións e proporcionáranos a base para a creación de redes onde poidan garantirse uns requisitos mínimos, que faciliten un establecemento de sistemas de seguimento do seu bo facer.

Referencias Bibliográficas

-
- BLAZQUEZ, M^a Ángeles (2003): “Estudio comparado de los equipamientos de educación ambiental en la comunidad valenciana”. En *III Jornadas de Educación Ambiental de la Comunidad Valenciana: Educación y Sostenibilidad*. Alicante, páxs 151-162.
- CALVO ROY, Susana; GARCÍA ANTÓN, Eva (1996): *Seminarios permanentes de Educación Ambiental*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- CICLOS N^o3 Junio 98, monográfico sobre los *Equipamientos de Educación Ambiental*.
- CID FAVA, Oscar (1992): “Equipamientos Escolares”. En *Cuadernos de Pedagogía*, n^o24, páxs. 18-22.
- (1997): “Recursos para la Educación Ambiental”. En *Actas de las I Jornadas de Educación Ambiental en Canarias*, páxs. 36-81.
- (2000): “Els equipaments i els recursos didactics ambientals: Visio historica i reptes actuals en el marc europeu”. En *Vincles 1999-2000: Programa formatiu en valors per a professionals de l'educacio*. Palma: Sa nostra, caixa balears, páxs. 13-32.

- CONSELL DE CENTRES D'EDUCACIÓ AMBIENTAL SCEA (2000). *Manual del bon Centre d' Educació Ambiental*. Barcelona.
- DÍAZ GUERRERO, M^a Luz; BUSCARÓNS, Roser e AGUILAR, Lucrecia (1994): "Los equipamientos como recurso de la Educación Ambiental". En *II Congreso Andaluz de Educación Ambiental*. Sevilla: Junta de Andalucía, páxs 89-95.
- GUERRA ROSADO, Francisco J. (1998): *Diagnóstico de los equipamientos de educación ambiental en Andalucía*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Educación y Ciencia.
- GUTIÉRREZ PÉREZ, José (1994): *Evaluación de la calidad educativa de los Equipamientos Ambientales*. Madrid : MOPT-DGMA.
- GUTIÉRREZ, José; BENAYAS, Javier e POZO, Teresa (2): "Modelos de calidad y prácticas evaluativas predominantes en los equipamientos de educación ambiental". En *Tópicos en educación ambiental*, nº 2. páxs 49-63.
- NAVARRO NAVARRO, Marian; PÉREZ I TORRAS, Albert (1989): "Equipamientos para la Educación Ambiental en España". En *II Jornadas de Educación Ambiental, Volumen III*. Madrid: Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo.
- SERANTES PAZOS, Araceli (coord.) (2003): *Recursos e equipamentos de educación ambiental*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- (2005): *Guía dos equipamentos para a educación ambiental na Galiza*. A coruña: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. CEIDA.
- (2006): "La carta de calidad de los equipamientos para la educación ambiental en Galicia". En *Reflexiones sobre educación ambiental II*. Madrid: Organismo Autónomo Parques Nacionales. Páxs 7-12.
- SUREDA NEGRE, Jaume; OLIVER TROBAT, Miquel F. e CASTELLS VALDIVISESO, Margalida (2002): *Avaluació dels equipaments d'educació i d'interpretació ambiental de les Illes Balears*. Palma de Mallorca: Govern de les Illes Balears: Conselleria de medi Ambient.

Referencias de páxinas electrónicas

- Xunta de Galicia, *Orden de 28 de Marzo 2001. Carta Galega de calidade dos centros de E.A.* Diario Oficial de Galicia de 9 de abril de 2001 (Apartado DISPOSICIÓN XERAIS) y el Registro Xeral de Entidades e Centros de EA del 14 de febrero de 2001 <http://www.xunta.es/conselle/cma/GL/CMA08h/CMA08hb/p08hb022.htm>
- Orden de Registro de Equipamientos Privados de Educación ambiental de Castilla y León. http://www.jcyl.es/scsiau/Satellite/up/es/MedioAmbiente/Page/PlantillaN3/1131977533189/_/_/_?asm=jcyl&tipoLetra=x-small
- Consell de centres d'educació ambiental. <http://www.pangea.org/scea/consellscentres.htm>
- Criterios de calidad ESEAs de la Comunitat Valenciana AVEADS: http://www.mma.es/secciones/formacion_educacion/ceneam01/pdf/calidadeseas.pdf
- Asociación de equipamientos para la educación ambiental del Euskadi. <http://www.habea.org>